



*Espacios litúrgicos de mujeres.
Revisar el pasado, transformar
el presente, diseñar el futuro*

Paula Marcela Depalma. Editorial Verbo Divino-2020

Velaí un novo volume da colección Aletheia. Desta volta é a Tese Doutoral de Paula Marcela Depalma, que investiga o protagonismo litúrxico das mulleres na Igrexa. O traballo da Dra. Depalma non se centra só na cuestión ministerial e sacerdotal, senón que abre o campo de visión para relatar o papel constante das mulleres na liturxia cristiá, o valor deses aportes e a súa pluralidade. É importante remarcar este aspecto, pois o papel litúrxico das mulleres vén sendo un traballo constante de sostemento, que non deixou de producirse en ningún momento da historia, malia ter vetado o acceso a calquera tipo de responsabilidade de goberno.

Paula Marcela Depalma é doutora en Teoloxía Dogmático-Sacramental polo Pontificio Ateneo Sant'Anselmo de

Roma, Profesora de Liturxia en San Pío X (UPSA) e na Facultade de Teoloxía de Granada. Pertence ao consello asesor da revista Galilea, do Centro Pastoral Litúrxico de Barcelona e é membra de Teologanda (Asoc. de Teólogas Arxentinas), a Asoc. de Teólogas de España (ATE) e a *European society in Theological Research*.

Na obra, logo de desenvolver a metodoloxía a seguir, en clave feminista e non sacramentalista, as celebracións litúrxicas cristiás, fai unha fonda revisión do pasado, sobre o papel da liturxia das mulleres no cristianismo primitivo, a partir do século IV e no século XX, cando se desenvolve o movemento litúrxico das mulleres. Revisa logo o presente recollendo os traballos que en teoloxía sacramental feminista teñen feito autoras como Susan

Roos, María José Arana, as liturxias contextuais de *Worship* ou *Phase* e os traballos de Charlotte Caron, facendo unha aproximación crítica á cuestión lingüística, ao liderado e a hermenéutica bíblica. A última parte da obra dedícaa a deseñar o futuro. Un futuro que para a autora pasa pola secularidade como posibilidade de renovación, mantendo o esencial pero afondando nos procesos de simbolización postos nas mans das persoas laicas.

Como ben di a autora:

Repensar a relación entre mística e codificación obríganos a considerar cales son os símbolos e os ritos que utilizamos na nosa vida cotiá, aqueles que nos ocupan tempo e espazo de maneira reiterada e constante. Revisar se están cheos de sentido, se nos premen na

procura da xustiza, se teñen un contido reflexo de potenciar capacidades, se nos conducen a un traballo 'productivo', se dilatan a conciencia e promoven a acción».

O obxectivo do traballo, como remarca a autora, é poñer en valor o papel das mulleres na praxe litúrxica da Igrexa, pero non só iso; tamén ensanchar a perspectiva litúrxica, ampliada co labor calado das mulleres nas celebracións e ritos. Facer revisión en clave de xénero da historia das nosas celebracións axuda a comprender que a liturxia non é un feito separado da vida. Urxe darlle valor relendo a Historia desde novas claves que ensanchen a comprensión e significación dos nosos ritos e celebracións litúrxicas.

Marisa Vidal Collazo